

Portada de Praterías

Características xerais.

- Decoración das igrexas románicas: portadas, capiteis e columnas.
- Escultura supeditada (inmersa) no marco arquitectónico.
- Horror vacui. Figuras moi xuntas, aproveitando todo o espazo.
- Figuras estereotipadas, onde o importante é a súa función simbólica:
 - Frontalidade.
 - Rixidez.
 - Non naturalistas.
 - Non proporcionadas (uso do tamaño para resaltar xerarquía).
 - Policromía.
- Función pedagóxica: relixiosa.

Análise

- **Temática:** Manifestación de Cristo. Salvación das persoas a través da súa redención.
 - Representación típica do Pantocrátor.
- Forma parte do programa orixinal de 3 fachadas da catedral de Santiago:
 - Portada Norte: Porta do Paraíso (desaparecida tras un incendio).
 - Porta Sur: Praterías.
 - Portada Occidental: Porta da Transfiguración, substituída polo Pórtico da Gloria.
- **Tímpano da dereita** (Mestre da Traizón):
 - Temas da Epifanía (parte superior) e a Paixón de Cristo (parte inferior.)
 - Extremo esquerdo: milagre da curación do cego.
- **Tímpano da esquerda** (Mestre das Tentacións ou de Conques):
 - Tema: as tentacións de Cristo no deserto: LOITA DO BEN CONTRA O MAL.
 - Gula, soberbia e avaricia.
 - Distribución: semella que agruparon as figuras segundo a súa consideración ética: ben á esquerda, mal na dereita.
 - Dereita - inferior: muller con caveira.
 - Non formaba parte da distribución orixinal (provén da Porta Norte).
 - Eva? A muller adúltera (Códice Calixtino)? Non está clara a interpretación.
- **Contrafortes** (figuras atribuídas ao Mestre Estevo):

- David tocando a cítara coas pernas cruzadas.
- A creación de Adán.
- **Friso:**
 - Cheo de figuras, case sen espazo, colocadas sen orde clara.
 - *Esquerda*: expulsión do Paraíso.
 - *Parte central*: Transfiguración.
 - Tema importante: Xesús revélase coma Deus a Santiago. (Atribuídas ao Mestre da Transfiguración).
 - Posiblemente pensadas para o Pórtico occidental.
 - Estatuas variadas, de temática diferente, tamaños diversos, etc. (apóstolos, Abraham, Eva e Caín, símbolos do Zodíaco).